



PROGRAMACIÓN DE TROMPETA

PROFESOR: ÁLVARO LÓPEZ GONZÁLEZ

CONSERVATORIO DE MÚSICA PROFESIONAL DE RIBEIRA ENRIQUE PAISAL
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE TROMPETA, CURSO 2024/ 2025

GRAO ELEMENTAL

Obxectivos Xerais

O obxectivo principal destes cursos de grao elemental, é, sobre todo, conseguir a formación dunha boa técnica instrumental sobre a cal desenvolver despois toda a capacidade musical e interpretativa do alumnado, tendo en conta os seguintes aspectos:

Aprendizaxe e control da respiración diafragmática. Control da columna do aire e do punto de apoio. Formación dunha correcta embocadura, así como da relaxación. Control da emisión e da flexibilidade do son. Traballar a sensibilidade auditiva para obter os reflexos necesarios que permitan a corrección da afinación, coma a calidade sonora en todo momento da interpretación. Adoptar una correcta posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas mans. Coñecer as características sonoras do instrumento e sabelas utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto. Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, cunha exixencia de acordo co nivel.

Contidos Xerais

Práctica da relaxación e da respiración diafragmática para o desenvolvemento da capacidade pulmonar. Práctica de exercicios de exhalación do aire para o control da columna do aire e do punto de apoio. Fortalecemento da mascara facial e relaxación da zona vibratoria dos beizos. Estudos da emisión do son e da flexibilidade dos beizos con posicións fixas e intervalos ligados. Principios básicos da dixitación. Práctica das articulacións . Práctica dos matices. Estudo da boquilla. Adestramento da memoria. Adquisición de hábitos de estudo correctos. Ler a vista fragmentos e obras sinxelos. Comprensión das estruturas musicais. Progresión canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio para o desenvolvemento técnico e musical do alumnado.

Atención á diversidade

A diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, esixindo no plano educativo unha maior atención por parte do profesorado. É un feito que os alumnos que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos os alumnos aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado. Para dar resposta á diversidade, teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que traten diversas estratexias para o logro dos coñecementos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses dos nenos, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Suxerir actividades de diferente dificultade e integrar aos alumnos na máis apropiada ao seu nivel.
- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos. A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo da saúde do noso sistema educativo, xa que un sistema que tamén intenta dar resposta a todo o alumnado con deficiencias a nivel persoal e con características cognoscitivas por encima da media, é un sistema educativo achegado ás necesidades reais do educando. Neste sentido a nosa programación didáctica intentará establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do Centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.

1º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

Obxectivos

O ensino da trompeta no 1º curso de grao elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Mostra-los fundamentos dunha posición corporal correcta tanto nunha posición erguida como sentada.
- Saber apreciar o esencial no dominio do propio corpo para o posterior desenvolvemento da técnica instrumental.
- Conseguir una toma de aire (inspiración) relaxada e profunda.
- Adoptar una colocación da embocadura que permita una correcta e fácil produción do son.
- Tomar conciencia da importancia na consecución dun son estable e centrado en case toda a extensión do instrumento.
- Coñecer as indicacións de medida, ritmo, dinámica e articulación que se atopan nos textos musicais propostos neste curso.
- Introducir a o alumnado no emprego dos intervalos, articulacións, ataques e ritmos.
- Iniciar ao alumnado na corrección, seguindo os seus propios reflexos da afinación das notas e a calidade de son.
- Iniciar ao alumno na práctica musical en grupo e o hábito de escoitar outros instrumentos e de adaptarse a o conxunto.
- Memorizar pequenos fragmentos musicais e as escalas programadas no curso.
- Coñecer as distintas dicitacións da trompeta.
- Asimilar os coñecementos adquiridos.
- Coñecer o mantemento e a limpeza do instrumento para un perfecto estado de uso e de conservación.

Contidos

Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar. Fortalecemento dos músculos faciais. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para obtención dunha boa calidade de son. Estudos de emisión de son. Principios básicos da dixitalización. Práctica das distintas articulacións. Estudo da afinación. Traballo da dinámica. Traballo dos intervalos. Estudos das diferentes escalas maiores e menores. Estudo da boquilla. Adestramento progresivo da memoria. Adquisición de hábitos de estudos correctos. Progresión canto o grao de dificultade de exercicios, estudos e obras de repertorio para o desenvolvemento musical e técnico do alumnado. Práctica de conxunto. Práctica das escalas do curso.

Recursos 1º Curso Grao Elemental:

- Aprende tocando a trompeta Peter Wastall
- Practical Studies (1ª Cuaderno) Robert W. Getchell

Temporalización dos Contidos:

Primeira Avaliación

- Posición Corporal
- Respiración Diafragmática
- Vibración dos beizos
- Son coa boquilla

-Primeiros son largos

Segunda Avaliación

- Practical Studies (1º cuaderno) Lecciones da 1 á 3
- Aprende tocando a trompeta Unidades da 1á 6
- Escala de Do M e La m nunha oitava (de memoria)

Terceira Avaliación

- Practical Studies (1º cuaderno) Leccións 4 á 7
- Aprende tocando a trompeta Unidades 7 á12
- Escala cromática nunha oitava (de memoria)

Obxectivos Mínimos:

- Adquirir unha posición correcta do corpo e do instrumento
- Adquirir os fundamentos dunha boa técnica respiratoria, embocadura e emisión
- Escala de Do M, La m e cromática nunha oitava
- Completar como mínimo un 75% da programación

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Demostrar que se teñen adquiridos os obxectivos ou capacidades de tódalas materias do curso matriculado. Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar dito curso e ao que aspira así como amosar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que se quere ampliar a matrícula.

O profesor/a titor/a será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula. Para a correcta avaliación de dita proposta o profesor/a reunirse co profesorado de tódalas materias do alumno/a e, se hai acordo unánime, elevará a súa proposta ao departamento.

O profesorado afectado elaborará un informe de ampliación de matrícula no que aparecerá unha cualificación numérica de cada unha das asignaturas, así como as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos de dito proceso. Será condición para a ampliación obter unha cualificación positiva en todas as materias.

O informe de ampliación será presentado polo xefe de departamento á Dirección do Centro o cal a elaborará ao Consello Escolar para a súa aprobación.

A data límite para a proposta e aprobación de ampliación será antes do período non lectivo de Nadal.

2º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

Obxetivos

O ensino da trompeta no 2º curso de grao elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Desenvolver os fundamentos dunha posición corporal correcta do instrumento e o instrumentista.
- Afianzar o proceso de inspiración e expulsión do aire.
- Iniciar o alumnado no control necesario dos músculos da embocadura permitindo unha boa calidade sonora a través de tódolos rexistros.
- Conseguir flexibilidade nos intervalos, articulacións, ataques e ritmos.
- Desenvolver a capacidade de interpretar en público e coa necesaria seguridade en si mesmo, que lle permita vivir a música como medio de comunicación.
- Establecer a habilidade de lectura a primeira vista que lle permita participar nun conxunto a ter acceso a un repertorio mais amplo.
- Memorizar varios fragmentos musicais mailas escalas programadas no curso.
- Empregar as indicacións de medida, ritmo, dinámica e articulación dos textos musicais propostos neste curso.
- Desenvolver as bases para acadar a capacidade de interpretar os estudos e obras do repertorio de memoria, co fin de adquirir unha maior concentración na interpretación.
- Diferenciar e empregar os diferentes tipos de articulacións básicas: legato, stacatto e picado ligado.

Contidos

Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar. Fortalecemento dos músculos faciais. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son. Estudos de emisión de son. Traballo de dinámica. Traballo dos diferentes intervalos. Estudo da afinación. Traballo da dinámica. Estudo das diferentes escalas maiores e menores. Desenvolvemento da flexibilidade dos beizos coa practica de intervalos ligados e con posición fixas. Estudos da boquilla. Adestramento permanente e progresivo da memoria. Adquisición de hábitos de estudos correctos e eficaces. Lectura a primeira vista de fragmentos sinxelos. Iniciación a comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis. Selección progresiva en canto os grados de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical. Práctica de conxunto . Práctica das escalas do curso.

Recursos 2º curso grao elemental

- Aprende tocando a trompeta
- Practical Studies (1º cuaderno)
- Vers L,avenir (Ed. G. Billaudot) L.Picavaïs
- Au Chateau de Chantilly (Ed. G. Billaudot) W.Dorsselaer
- Comptime (Ed. G. Billaudot) P.Bigot

Temporalización dos contidos:

Primeira Avaliación

- Practical Studies (1ºcuaderno) Leccións da 8 á 11
- Aprende tocando a trompeta Leccións da 13 á 16
- Exercicios de flexibilidade
- Unha Obra

Segunda Avaliación

- Practical Studies (1º cuaderno) Leccións da 12 á 14
- Aprende tocando a trompeta Leccións da 17 á 20
- Exercicios de Flexibilidade
- Escalas Maiores e menores ata 2 alteracións (de memoria)
- Unha Obra

Terceira Avaliación

- Practical Studies (1º cuaderno) Leccións da 15 á 20
- Aprende tocando a trompeta Unidades da 21 á 24
- Exercicios de flexibilidade
- Escalas Maiores e menores ata 2 alteracións (de memoria)
- Unha Obra

Obxectivos Mínimos

Mellorar a técnica respiratoria, a embocadura, a emisión, como base da técnica de estudo para a interpretación individual e de grupo, mediante o traballo programado para o curso.

Completar como mínimo o 75% da programación proposta para o curso.

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Demostrar que se teñen adquiridos os obxectivos ou capacidades de tódalas materias do curso matriculado. Aposar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar dito curso e ao que aspira así como aposar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que se quere ampliar a matrícula.

O profesor/a titor/a será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula. Para a correcta avaliación de dita proposta o profesor/a reunirse co profesorado de tódalas materias do alumno/a e, se hai acordo unánime, elevará a súa proposta ao departamento.

O profesorado afectado elaborará un informe de ampliación de matrícula no que aparecerá unha cualificación numérica de cada unha das asignaturas, así como as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos de dito proceso. Será condición para a ampliación obter unha cualificación positiva en todas as materias.

O informe de ampliación será presentado polo xefe de departamento á Dirección do Centro o cal a elaborará ao Consello Escolar para a súa aprobación.

A data límite para a proposta e aprobación de ampliación será antes do período non lectivo de Nadal.



3º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

Obxectivos

O ensino da trompeta no 3º curso de grao elemental terá como obxectivo a contribuír a desenrolar no alumnado as capacidades seguintes:

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas mans.

- Utilizar con eficiencia e rendemento a columna de aire mediante a técnica da respiración addomino-diafragmática como medio para posibilitar un son estable e centrado en toda a extensión do instrumento.

- Mellorar o dominio da embocadura mediante o control necesario dos músculos que a forman, para permitir unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son nos diferentes rexistros.

- Coñecer e comezar a utilizar os diferentes matices para dar cor e expresión a interpretación musical.

- Desenrolar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.

- Aplicar os coñecementos musicais propios deste nivel ás características de escritura e literatura do instrumento da propia especialidade.

- Iniciar a o alumnado na agóxica e dinámica para o enriquecemento da partitura musical.

- Recoñecer o fraseo musical dunha obra fragmento e relaciónalo coas respiracións musicais, establecendo a o mesmo tempo as normas que rexen a sintaxes musical.

- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.

- Desenvolver a habilidade de lectura a primeira vista que lles permita participar nun conxunto instrumental e ter acceso a un repertorio máis amplo segundo a esixencia do nivel.

- Establecer a capacidade de interpretar os estudo e obras do repertorio de memoria co fin de adquirir unha maior concentración na interpretación.

- Aprender a tocar con acompañamento de piano ou outros instrumentos harmónicos sabendo situarse como solista no contesto da obra musical que se interpreta.
- Desenvolver a práctica musical en grupo e o hábito de escoitar a outros instrumentos e de adaptarse harmonicamente a un conxunto.
- Desenvolver por si mesmo un sistema de traballo individual que rentabilice o tempo empregado no estudio diario.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

Contidos

Practica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar. Fortalecemento dos músculos faciais. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son. Estudos da emisión de son. Principios básicos da dicitación. Práctica das distintas articulacións. Estudo da afinación. Traballo da dinámica. Traballo dos diferentes intervalos. Estudo das diferentes escalas maiores e menores. Desenvolvemento da flexibilidade dos beizos, coa practica de intervalos ligados e con posicións fixas. Estudos da boquilla. Adestramento permanente e progresivo da memoria. Adquisición de hábitos de estudos correctos e eficaces. Lectura a primeira vista de obras ou fragmentos sinxelos. Iniciación a comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis. Selección progresiva en canto ao grado de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno. Inicio do estudo da improvisación partindo da relación pregunta- resposta. Práctica de conxunto. Práctica das escalas do curso.

Recursos 3º Grao Elemental

ESTUDOS:

- Tecnical Studies H.L.Clarke
- Embouchure Builder L.Little
- Practical Studies (1ºcuaderno) R.W.Getchell

OBRAS:

- Andante et Allegro Cómodo E. Baudrier
- Les Olimpiades Dorselaer
- Caminerie G.Friboulet

Temporalización dos Contidos:

Primeira Avaliación:

- Technical Studios H.L.Clarke 1º Estudo ex.1 ó 8
- Embouchure Builder ex. do 1 ó 12
- Práctical Studies (1º cuaderno) Leccións da 21 á 26
- Escalas Maiores e menores ata tres alteracións (de memoria)
- Desarrollo da escala crómica (de memoria)
- Unha Obra

Segunda Avaliación:

- Technical Studies H.L. Clarke 1º Estudio ex 9 ó 14
- Embouchure Builder ex do 13 ó 17
- Práctical Studies (1ºcuaderno) Leccións da 27 á 32
- Escalas Maiores e menores ata tres alteracións (de memoria)
- Desarrollo da escala cromática(de memoria)
- Unha obra

Terceira Avaliación:

- Technical Studies H.L. Clarke
- Embouchure Builder ex do 18 ó 22
- Práctical Studies (1º Libro) Leccións da 33 a 38
- Repaso das escalas Maiores e menores ata tres alteracións (de memoria)
- Desarrollo da escala cromática (de memoria)
- Unha obra

Obxectivos Mínimos:

- Mellorar a técnica respiratoria, a embocadura, a emisión como base da técnica de estudo para a interpretación individual e de grupo, mediante o traballo programado para o curso.
- Completar como mínimo o 75% da programación proposta para o curso.

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Demostrar que se teñen adquiridos os obxectivos ou capacidades de tódalas materias do curso matriculado. Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar dito curso e ao que aspira así como amosar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que se quere ampliar a matrícula.

O profesor/a titor/a será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula. Para a correcta avaliación de dita proposta o profesor/a reunirse co profesorado de tódalas materias do alumno/a e, se hai acordo unánime, elevará a súa proposta ao departamento.

O profesorado afectado elaborará un informe de ampliación de matrícula no que aparecerá unha cualificación numérica de cada unha das asignaturas, así como as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos de dito proceso. Será condición para a ampliación obter unha cualificación positiva en todas as materias.

O informe de ampliación será presentado polo xefe de departamento á Dirección do Centro o cal a elaborará ao Consello Escolar para a súa aprobación.

A data límite para a proposta e aprobación de ampliación será antes do período non lectivo de Nadal.



4º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

Obxectivos:

O ensino da trompeta no 4º curso de grao elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas as mans.
- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibila unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para corrixir automaticamente a afinación das notas e a calidade do son.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas utilizar, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.
- Aplicar os coñecementos musicais propios deste nivel as características da escritura e literatura do instrumento da propia especialidade.
- Empregar a agónica e a dinámica para o enriquecemento da partitura musical.
- Desenvolver a habilidade de lectura a primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras do repertorio acordes co nivel.
- Interpretar estudos e obras do repertorio de memoria, co fin de adquirir unha maior concentración na interpretación.
- Tocar con acompañamento de piano e/ou doutros instrumentos harmónicos, sabendo situarse como solista no contexto da obra musical que se interpreta.

- Respetar as normas que esixe toda actuación en grupo: afinación previa, atención continua, valoración do traballo colectivo, etc, e responsabilizarse en todo momento coas mesmas.
- Coñecer as posibilidades profesionais ca música
- Interpretar diante do publico coa necesaria seguridade en si mesmo que lles permita vivir a música como medio de comunicación.

Contidos:

Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar. Fortalecemento dos músculos faciais. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son. Estudos da emisión do son. Principios básicos da dixitación. Práctica das distintas articulacións. Estudo da afinación. Traballo da dinámica. Traballo dos diferentes intervalos. Estudo das diferentes escalas maiores e menores. Desenvolvemento da flexibilidade dos beizos coa practica de intervalos ligados e con posicións fixas. Estudo da boquilla. Adestramento permanente e progresivo da memoria. Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces. Lectura a primeira vista de obras ou fragmentos sinxelos. Iniciación a comprensión das estruturas musicais. Selección progresiva en canto ao grado de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno. Inicio do estudo da improvisación partindo da relación pregunta-resposta. Práctica de conxunto. Práctica das escalas do curso.

Recursos:

-Techical Studios	H.L. Clarke
-Embouchure Builder	L. Little
-Practical Studies (1º Cuaderno)	R.W.Getchell
-Metodo Completo	J.L Arban

Obras Orientativas:

-Peza de Concurso	L. Picavaïs
-Sonata en Fa	A. Corelli
-Andante et Allegro Moderato	René Gaudon
-Aria “ Bits du Bei mir”	J.S.Bach
-Lied	E. Bozza

Temporalización dos Contidos:

Primeira Avaliación:

- Technical Studies H.L Clarke Ex. 27 a 44 ata catro alteracións
- Embochure Builder Ex. 23 a 64
- Practical Studies (1º libro) Leccións da 39 á 48
- Metodo Completo J.L Arban
- Pax. 59 á 74 escalas ata catro alteracións
- Pax.76
- Pax. 80 Ex 10 ó 12
- Pax. 91 Ex. ata catro alteracións
- Pax. 142 e 143 ex. ata catro alteracións
- Escalas Maiores e menores ata catro alteracións (de memoria)
- Unha obra

Segunda Avaliación:

- Technical Studies H.L.Clarke Ex. 27 a 44 ata cinco alteracións
 - Embouchure Builder Ex. do 23 ó 64
 - Practical Studies (1º libro) Leccións da 49 á 58
 - Metodo Completo J.L. Arban
- Pax. 59 á 74 escalas ata cinco alteracións

Pax. 77

Pax. 81 Ex. 13 ó 15

Pax. 91 Ex. Ata cinco alteracións

Pax. 142 e 143 Ex. ata cinco alteracións (de memoria)

- Escalas Maiores e menores ata cinco alteracións (de memoria)
- Unha obra.

Terceira Avaliación:

- Technical Studies H.L.Clarke Ex. 27 ó 44
- Embouchure Builder Ex. do 23 ó 64
- Practical Studies (1º libro) Leccións da 59 á 64
- Metodo Completo J.L. Arban

Pax. 59 á 74 escalas ata seis alteracións

Pax. 78

Pax. 81 e 82 Ex.16 ó 18

Pax. 91 exercicios ata seis alteracións

- Escalas Maiores e menores ata seis alteracións (de memoria)
- Unha obra.

OBXECTIVOS MINIMOS

- Controlar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.
- Dominar as escalas en diferentes alturas e articulacións, controlando a emisión e a afinación.
- Interpretar ao menos unha obra de memoria.
- Completar como mínimo o 75% da programación proposta para o curso.

Criterios de Avaliación

1. Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión. Este criterio pretende constatar a capacidade do alumno para desenvolverse con certo grao de autonomía na lectura dun texto.
2. Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, afinación articulación e fraseo adecuado ao seu contido. Este criterio pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-práctico da linguaxe musical.
3. Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente. Con isto preténdese comprobar a capacidade do alumno para empregar o “tempo”, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
4. Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio pretende verificar que o alumno é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesor e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.
5. Interpretar en público como solista e de memoria obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control. Aquí tratase de comprobar a capacidade de memorización e autocontrol e o dominio da obra estudada. Así mesmo preténdese estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan afrontar con naturalidade ante o público.

6. Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar, ao mesmo tempo que escoita e adáptase ao resto dos compañeiros. Este criterio presta atención a capacidade do alumno para adaptar a afinación, a precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros nun traballo común.

Material de Apoio

Para cubrir as diferentes necesidades do alumnado empregaranse diferentes libros e métodos co fin de acadar o mellor desenvolvemento técnico e interpretativo, como poden ser:



- The Buzzing Book	James Thompson
- Warm-up and Studies	James Stamp
- Estudos de Flexibilidade	Bai Lin
- Daily Drills and Technical Studies for Trumpet	Max. Shlossberg
- Trumpet advanced lip Flexibilite	Charles Colin
- The Bing Book	Willian Bing
- Escala de Lectura	Jean- Francois Michel
- Metodo Completo (1º volume)	G.Balay
- Elementary Studies	H.L. Clarke
- Pedal Tones for Trumpet	Harold Branc

O alumnado ao finalizar o grao elemental debe:


1. Saber respirar correctamente para tocar a trompeta.
2. Ter unha embocadura ben formada (mascara fisiolóxica)
3. Saber coller correctamente a trompeta e con naturalidade.
4. Dominar o picado, ligado, (articulacións simples) e a Dinámica.
5. Buscar unha boa sonoridade e tesitura aceptable.

Criterio de cualificación para todo o GRAO ELEMENTAL:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	
TRABALLO SEMANAL. Constancia no esforzo. Traballo na aula. Autocrítica constructiva e autonomía no estudo.	50 %
INTERÉS E ACTITUDE POSITIVA CARA A ASIGNATURA	10 %
CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS	20 %
PARTICIPACIÓN NAS AUDICIÓNS	20 %

Aceso a outros cursos de Grao Elemental


As probas de acceso a outros cursos que non sexan 1º de grao elemental realizaranse co disposto no punto 5º do capítulo III da circular 4/2008 da Consellería de Educación.



GRAO PROFESIONAL

OBXETIVOS XERAIS:

O ensino dos instrumentos de vento metal no grao profesional terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- 
- a) Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento.
 - b) Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento.
 - c) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.
 - d) Práctica da música de conxunto en formacións características de diversas configuracións e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media.
 - e) Coñecer os diversos estilos interpretativos vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
 - f) Coñecer a historia evolutiva da trompeta, conseguir homoxeneidade no son nos distintos rexistros, unha certa rapidez na execución de escalas, boa execución de grupetos, trinos e mordentes, e coñecemento dos diferentes estilos Barroco, Clásico e Romántico por medio de concertos e fragmentos orquestais.

CONTIDOS XERAIS:

Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión do instrumento. Estudo do rexistro agudo. Estudo dos ornamentos (trinos, grupetos, apoyaturas, mordentes, etc.). Estudo da literatura solista do instrumento adecuada a este nivel. Profundar en todo o referente á articulación: estudo do dobre e triplo picado. Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña melódica, con expresión, adecuándose aos diferentes estilos, con especial estudo nos tempos lentos. Perfeccionamento da igualdade sonora e tímbrica nos diferentes rexistros. Iniciación e interpretación da música contemporánea así como o coñecemento das súas grafías e efectos. Estudo dos instrumentos aíns (fliscorno, corneta e cornetín). Adestramento permanente e progresivo da memoria. Práctica da lectura a primeira vista. Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das versións.

Atención á diversidade

A diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, esixindo no plano educativo unha maior atención por parte do profesorado. É un feito que os alumnos que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos os alumnos aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado. Para dar resposta á diversidade, teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que traten diversas estratexias para o logro dos coñecementos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses dos nenos, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Suxerir actividades de diferente dificultade e integrar aos alumnos na máis apropiada ao seu nivel.

- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos. A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo da saúde do noso sistema educativo, xa que un sistema que tamén intenta dar resposta a todo o alumnado con deficiencias a nivel persoal e con características cognoscitivas por encima da media, é un sistema educativo achegado ás necesidades reais do educando. Neste sentido a nosa programación didáctica intentará establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do Centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.



1º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

OBXECTIVOS:

O ensino da trompeta no 1º curso de grao profesional terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Ampliar a practica da respiración e a relaxación.
- Profundar á técnica ampliando recursos sonoros, tímbricos e rexistro no instrumento.
- Dominar a expresión amparándose nos recursos técnicos, facilitando así a interpretación dos estilos.
- Ampliar a interiorización de forma autónoma os coñecementos musicais para lograr unha correcta interpretación.
- Utilizar con corrección a dicitación a articulación, fraseo, etc. Para unha correcta expresión musical.
- Asentar os tres alicerces básicos dentro do estudo da trompeta: emisión, sonoridade e afinación.
- Abordar obras representativas das diferentes épocas e estilos.
- Practicar a música de conxunto, en diferentes formacións, abarcando desde o repertorio de solista ao de instrumentista nos diferentes grupos.
- Estudar as principais características dos distintos períodos históricos así como as grafías e ornamentacións
- Practicar a lectura a primeira vista.
- Interpretar en público, empregando a medida, afinación, fraseo e articulación correctos das obras acordes co nivel.
- Iniciar o estudo do transporte.

CONTIDOS:

Práctica dos principais exercicios de respiración e relaxación. Estudo da boquilla. Estudo das notas pedais. Estudo da velocidade en toda a extensión do instrumento. Estudo do rexistro agudo. Estudo da expresión, prestando interese a os distintos estilos, a favor da interpretación. Estudo de exercicios específicos de sonoridade. Estudo da posición fixa, chegando a conseguir trinos no rexistro agudo. Aplicación dos exercicios anteriores nos específicos de expresividade. Práctica dos diferentes estilos por medio de obras e exercicios. Estudo dos exercicios de transporte. Práctica nas diferentes formacións. Estudo dos diferentes modelos de escala para aplicalas a interpretación dos diferentes estilos. Estudos dos extractos orquestrais. Estudo da articulación, fraseo, ornamentación, etc de cada estilo. Dominio da lectura a primeira vista. Audicións comparadas de grandes interpretes para analizar de xeito crítico as características das diferentes versións.

Recursos do 1º curso do grao profesional:

- Lyrical studies G. Concone
- Practical studies R. Getchell
- Technical studies H. L. Clarke
- Método completo J. B. Arban Tres obras a escoller polo profesorado segundo as características do alumnado:
- Suite N° 1 G.P. Telemann
- Andante et allegro moderato de R. Gaudron
- Sonata en Sib de J. B. Loeillet • Cinquieme solo de concert de P. Rougnon
- Intermezzo de J. Feld
- Eolo o rei dos ventos de F. Ferrán
- Concertino N° 20 de J. Porret

Temporalización dos contidos:

Primeira avaliación:

- Estudo do rexistro agudo: intervalos de terceira, cuarta e quinta, picados e ligados.
- Pedais , picados e ligados. • Technical studies. H. L. Clarke ex. 27 ao 45 con diferentes articulacións. • Lyrical studies. G. Concone estudos do 1 ao 5.
- Practical studie. R. Getchell vol 2. Estudos do 65 ó 74.
- Unha obra escollida polo profesorado de entre as programadas no curso.

Segunda avaliación:

- Estudo do rexistro agudo: intervalos de quinta e sexta, picados e ligados.
- Pedais, picados e ligados. • Technical studies. H. L. Clarke. Ex. 46 ao 64.
- Lyrical studies. G. Concone. Estudos do 6 ao 11.
- Practical studie. R. Getchell. Vol 2 , estudos do 75 ó 84.
- Unha obra escollida polo profesorado de entre as programadas no curso.

Terceira avaliación:

- Estudo do rexistro agudo: intervalos de sexta, picados e ligados.
- Perfeccionamento da igualdade sonora e tímbrica co repaso dalgunhas pedais xa estudadas anteriormente.
- Technical studies. H. L. Clarke. Ex. 65.
- Lyrical studies. G. Concone. Estudos do 12 ao 16.
- Practical studie. R. Getchell. Vol 2, estudos do 85 ó 94.
- Unha obra escollida polo profesorado de entre as programadas no curso.
- Durante todo o curso:

Ex. técnicos do Método completo J. B. Arban

• Páx 48 e 49. Páx 82 ex. 19 ata páx. 86 ex. 30. Páx. 92 e 93. Páx. 144 e 145. Páx. 155 á 161. Páx. 175 e 176

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Demostrar que se teñen adquiridos os obxectivos ou capacidades de tódalas materias do curso matriculado. Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar dito curso e ao que aspira así como amosar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que se quere ampliar a matrícula.

O profesor/a titor/a será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula. Para a correcta avaliación de dita proposta o profesor/a reunirse co profesorado de tódalas materias do alumno/a e, se hai acordo unánime, elevará a súa proposta ao departamento.

O profesorado afectado elaborará un informe de ampliación de matrícula no que aparecerá unha cualificación numérica de cada unha das asignaturas, así como as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos de dito proceso. Será condición para a ampliación obter unha cualificación positiva en todas as materias.

O informe de ampliación será presentado polo xefe de departamento á Dirección do Centro o cal a elaborará ao Consello Escolar para a súa aprobación.


A data límite para a proposta e aprobación de ampliación será antes do período non lectivo de Nadal.



2º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

OBXECTIVOS

O ensino da trompeta no 2º curso de grao profesional terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- 
- Ampliar a técnica, mostrando autonomía no uso dos recursos sonoros, tímbricos, e traballar na ampliación do rexistro do instrumento.
 - Apoiar o traballo da expresión, cun maior dominio dos recursos técnicos que facilite a interpretación dos diferentes estilos.
 - Interiorización dos coñecementos musicais a favor da interpretación.
 - Dominar a dixitación, articulación, fraseo, buscando a calidade na interpretación dos estilos musicais.
 - Traballar con autonomía os tres principais alicerces do estudo da trompeta: emisión, sonoridade e afinación.
 - Estudar obras representativas das diferentes épocas, profundando nos trazos estilísticos.
 - Practicar a música de conxunto, en distintas formacións, abarcando desde o repertorio solista, ao de instrumentista, nos diferentes grupos.
 - Estudar as principais características dos distintos períodos históricos, así como as súas grafías e ornamentacións.
 - Practicar a lectura a primeira vista.
 - Interpretar en público, empregando a medida, afinación, fraseo e articulación correctos nas obras de acorde co nivel.
 - Continuar o estudo do transporte.

CONTIDOS

Práctica dos principais exercicios de respiración e relaxación. Estudo da boquilla. Estudo das notas pedais. Estudo da velocidade en toda a extensión do instrumento. Estudo do rexistro agudo. Estudo da expresión, prestando interese aos diferentes estilos, a favor da interpretación. Estudo de exercicios específicos da emisión. Estudo de exercicios específicos da afinación. Estudo de exercicios específicos de sonoridade. Estudo de exercicios de picado simple, así como dobre e triplo. Estudo da posición fixa, chegando a conseguir trinos no rexistro agudo. Aplicación dos exercicios anteriores nos específicos de expresividade. Práctica dos diferentes estilos por medio de obras e exercicios. Estudo de exercicios de transporte. Práctica nas diferentes formacións. Estudo dos diferentes modelos de escalas para aplicalas á interpretación dos diferentes estilos. Estudo dos extractos de orquestra. Estudo dos trazos característicos (articulación, fraseo, ornamentación) de cada estilo. Dominio da lectura a primeira vista. Adestramento permanente e progresivo da memoria. Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico das características das diferentes versións.

Recursos do 2º curso do grao profesional:

- Lyrical studies G. Concone
- Practical studies R. Getchell
- Technical studies H. L. Clarke
